



Concello de Campo Lameiro

CREACIÓN, MELLORA E AMPLIACIÓN DE PEQUENAS INFRAESTRUTURAS PARA PROXECTOS DE BIOMASA DESTINADOS A PARTICULARES

SUBVENCIONS ANO 2019 PARA PROXECTOS DE BIOMASA DESTINADAS A PARTICULARES E SELECCIÓN DAS ENTIDADES COLABORADORAS QUE PARTICIPARÁN NA XESTIÓN DESTAS SUBVENCIONS IN421H-IN421I

A continuación descríbense brevemente as características principais desta liña de axudas, aínda que a información que se considerará oficial para todos os efectos será a publicada Resolución do 11 de decembro de 2018, pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións para a creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas para proxectos de biomasa destinadas a particulares e cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, anúnciase a convocatoria anticipada para o ano 2019 e procédese a selección das entidades colaboradoras que participarán na xestión destas subvencións (IN421H, IN421I) ([DOG do 7 de xaneiro do 2019](#)).

Beneficiarios

- Persoas físicas propietarias de calquera dereito sobre un inmovible residencial.
- Comunidades ou Mancomunidades de veciños, sempre que as actuacións se realicen en vivendas ou edificios do sector residencial sitas na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Agrupacións de persoas físicas, privadas sen personalidade.

Período de actuacións subvencionables

Coa finalidade de incentivar o uso das enerxías renovables, o período de execución das inversións comeza unha vez que se teña efectuada a solicitude de axuda ante esta entidade pola entidade colaboradora, e a data máxima para a súa xustificación será o 30 de setembro de 2019.

PRESENTACIÓN SOLICITUDES BENEFICIARIOS

As **entidades colaboradoras** adheridas serán as encargadas de tramitar o procedemento (presentar a solicitude e presentar a documentación xustificativa da actuación) só se admite a tramitación electrónica.

- Inicio solicitude:** 29 de xaneiro de 2019.
- Fin solicitude:** 28 de febreiro de 2019 (incluído).

Intensidade da axudas e contía máxima

A inversión elixible máxima por potencia unitaria (sen IVE) estará limitada polas características do sistema de conformidade ao disposto no artigo 4.2 das bases da convocatoria.

- A intensidade máxima da axuda será do 50%.
- A contía máxima da axuda por proxecto será de 60.000 €.

Documentación complementaria

Biomasa FEADER: Zonas consideradas densamente poboadas segundo a clasificación ZPP ou ZIP do grao de urbanización da parroquia segundo o GU 2016 (fonte: [Instituto Galego de Estatística](#)). [Consultar a listaxe](#).

Mais información

Concello de Campo Lameiro



Concello de Campo Lameiro

Para información PRESENCIAL aos interesados deberase concertar cita previa no teléfono: **981541500**.

INFORMACION PARA AS ENTIDADES COLABORADORAS

ADHESIÓN ENTIDADES COLABORADORAS

Entidade colaboradora: Entidade privada con personalidade xurídica, validamente constituída, así como os empresarios individuais sempre que, en ambos casos, teñan o seu domicilio ou algún centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia e acrediten as condicións de eficacia e solvencia técnica e económica.

Deberán estar dados de alta na Consellería de Economía, Emprego e Industria como empresas de instalación térmicas en edificios (procedemento IN609E).

- http://oficinavirtualindustria.xunta.es/rgi/rgi_consultaspublicas.aspx
- <https://sedeaplicaciones.minetur.gob.es/RII/consultaspublicas/consultadatos.aspx>

Prazo adhesión Entidades Colaboradoras

- **Inicio solicitude:** 8 de xaneiro de 2019.
- **Fin solicitude:** 28 de xaneiro de 2019 (incluído).

[Acceso á aplicación de cumprimentación e presentación de solicitudes de adhesión.](#)

Modos de adhesión Entidades Colaboradoras

Simplificada: Unicamente dirixida ás entidades colaboradoras adheridas ao convenio de xestión de axudas de biomasa particulares 2018 e que non sufriran ningunha modificación. Usuario e contrasinal da edición anterior.

Adhesión Común-Alta Novas Entidades Colaboradoras: O solicitante crea un usuario (NIF da empresa) e contrasinal que se xera a primeira vez que accede.